

Editorial

***E**ste número do **BOLETÍN DEPORTIVO** sae despois das vacacións de Nadal e así esperamos que o poidas ler con máis tranquilidade, lonxe das ansías e preocupacións de exames e notas, coa mente descansada tras estes días de lecer.*



***A**quí recollemos as actividades deportivas deste Instituto realizadas polo Departamento de Educación Física no 1º trimestre; un Departamento que trata de inculcar a práctica, non só de deportes como poden ser o fútbol ou o baloncesto, senón que abrimos os novos campos a outros minoritarios pero non por elo menos interesantes: así estamos organizando e practicando: dardos, patinaxe, sendeirismo, esquí, proximamente ping-pong... para que cada unha e cada un atope aquel no que se encontre máis a gusto.*

***F**ixemos saídas moi interesantes, como a Galinfancia ou ó campo de Balaídos, onde o pasamos moi ben, a pesares de que o Celta non puído co Athletic. Agora preparamos outro a Riazor e tamén está en marcha a saída cara Andorra para o cursiño de esquí deste curso ou a realización de tres etapas do Camiño de Santiago dende o Cebreiro.*

***O**s profes de Educación Física contamos con todos, así que... a estudar e a practicar deporte.*

Cos desexos que os Reis Magos fosen bos, ¡Benvidos!



Pepe Castaño Dios (Director de)